



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 15 DE NOVEMBRO DE 2011

Ás 10.05 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**, xustifican a súa ausencia o Sr. Miguel Muñoz Cantero e a Sra. Teresa López.

1. Informe do reitor

Tras a comprobación do quórum legal necesario para a realización da sesión, o reitor informa da celebración do Consejo de Universidades o pasado día 3 de novembro en Madrid, en que se informou sobre o borrador do anteproxecto de Lei de convivencia e disciplina académica, cuxa aprobación terá que realizarse na vindeira lexislatura. O Real decreto de centros está aínda pendente do informe preceptivo do Consello de Estado, polo que non se sabe se dará tempo a aprobalo nesta lexislatura.

O reitor dálle a palabra á vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais, quen informa da celebración da cuarta feira de asociacións estudantís da UDC.

O vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica informa sobre a imputación de expedientes ao ano 2011, informados favorablemente polo Servizo de Intervención na Comisión de Asuntos Económicos do 27 de outubro de 2011, por un importe de 54.758,62 € Tamén informa sobre a validación de expedientes do ano 2011 por importe de 866.628,82 € informados favorablemente polo Servizo de Intervención e pola Comisión de Asuntos Económicos do 27 de outubro de 2011.

2. Aprobación, se proceder, da acta da sesión ordinaria de 19 de outubro de 2011

Tras a lectura da acta, que estivo a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros e na Secretaría Xeral da Universidade, apróbase por asentimento.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III** que se clasifican nesta ocasión en convenios marco (3), convenios específicos (9) e convenios para prácticas (23) e que cumpriron todos os trámites



preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

Tras a aclaración do contido dun convenio específico solicitada por Amelia Fraga (613/2011), a listaxe apróbbase por asentimento.

4. Premios á excelencia académica no bacharelato

A vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais presenta a proposta de concesión dos premios á excelencia académica no bacharelato aos alumnos e alumnas que aparecen no **Anexo IV** desta acta.

A proposta apróbbase por unanimidade dos asistentes.

5. Bolsas de colaboración en departamentos do Ministerio de Educación

De novo, toma a palabra a vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais, quen expón que se trata da concesión de 35 bolsas de colaboración en departamentos, convocadas polo Ministerio de Educación en xullo de 2011.

Presentáronse 98 solicitudes e non se admitiron a trámite un total de 28, por carecer de distintos requisitos das bases da convocatoria. O número de departamentos que solicitaron as bolsas foi de 26.

Apróbbase a concesión das bolsas aos departamentos segundo figura no **Anexo V**.

6. Olimpíadas científicas

A vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais propón a concesión de tres axudas para estudantes gañadores de Olimpíadas Científicas, nos termos previstos no documento que figura no **Anexo VI**. Este ano engadiuse a Olimpíada de Xeoloxía, en que hai un premiado.

A proposta apróbbase por asentimento.

7. Axudas ao estudantado con necesidades educativas especiais

A vicerreitora expón as propostas de concesión de axudas individuais de 1.077 € aos estudantes con necesidades educativas especiais que figuran no **Anexo VII** desta acta.

A proposta apróbbase por asentimento.



8. Prazas de profesorado

O vicerreitor de Profesorado propón a aprobación dunha praza de profesor titular de universidade na Área de Enxeñaría Hidráulica e docencia en Hidráulica e Hidroloxía I, por acreditación dun profesor contratado doutor e que figura como **anexo VIII** da presente acta.

Igualmente, solicita a aprobación de once prazas de PDI contratado, que aparecen reflectidas no **anexo IX**, e que o vicerreitor explica de xeito individualizado.

En terceiro lugar, expón o cadro de nove prazas de profesor asociado que figuran no **anexo X** destinado a cubrir docencia en mestrados oficiais para o curso 2011-2012, corrigindo o erro na denominación da Facultade de Enfermaría e Podoloxía.

Por último, solicita a aprobación dunha praza de contratado doutor, ao abeiro da disposición transitoria terceira dos Estatutos da Universidade, destinada á Área de Teoría e Historia da Educación e que figura como **anexo XI**.

Todas as prazas obtiveron o informe favorable da Mesa Sindical e da COAP.

Apróbanse por asentimento todas as prazas.

9. Aprobación de tribunais de prazas de PDI funcionario.

O vicerreitor de Profesorado propón a aprobación do tribunal que figura no **anexo XII** para xulgar o concurso da praza de profesor titular de universidade de Enxeñaría Hidráulica.

Apróbase por asentimento.

10. Cambios de dedicación curso 2011/2012

O vicerreitor de Profesorado propón aprobar dous cambios de dedicación solicitados por José Guillermo Varela Mosquera (profesor asociado que pasa de P05 a P06) e Rocío Chao Fernández, contratada interina de substitución que pasa de PO3 a dedicación total. Ambos os dous casos están xustificados na cobertura das necesidades docentes das respectivas áreas, e foron informados favorablemente na mesa sindical.

Apróbanse por asentimento segundo figura no **anexo XIII**.



11. Venias docentes

O vicerreitor de Profesorado presenta o cadro de venias docentes para o curso 2011/2012 que figura como **anexo XIV** desta acta e que se aproba por asentimento.

12. Proposta profesores honorarios

Xosé Luís Armesto expón a proposta de profesorado honorario, por un período de dous anos, para os profesores Xosé María Dobarro Paz, Carlos Mon Bonome, Rodrigo del Hoyo Fernández Gago e Antonio Fernández Villegas.

Apróbanse por asentimento segundo figura no **anexo XV**.

13. Títulos propios de posgraao

A vicerreitora de Organización Académica e Titulacións presenta os títulos propios de posgraao de Auditoría de Contas, Dirección de Centros Deportivos, Prescrición de Exercicio Físico en Patoloxías, Promoción da Actividade Física Saudable, Protocolo, Comunicación e Imaxe Corporativa, como renovacións e unha nova solicitude de Responsabilidade Social da Cátedra Inditex de Responsabilidade Social.

Apróbanse por asentimento segundo figuran no **anexo XVI**.

14. Aprobación de propostas de Mestrado Universitario para implantar no curso 2012-2013

A vicerreitora de Organización Académica e Titulacións expón as propostas de Mestrado Universitario para o vindeiro curso 2012-2013:

- Mestrado Universitario en Materiais Complexos: Análise Térmica e Reoloxía, coa Universidade de París VII (EPS). Pasa a ser internacional.
- Mestrado Universitario en Enxeñaría Naval e Oceánica (EPS). Mestrado que habilita para o exercicio da profesión.
- Mestrado Universitario en Enxeñaría Industrial (EPS/EUP). Mestrado que habilita para o exercicio da profesión de enxeñeiro/a industrial, que é estratéxico para a Universidade da Coruña.
- Mestrado Universitario en Estudos Avanzados sobre a Linguaxe, a Comunicación e as súas Patoloxías (Facultade de Ciencias da Educación). Incorpora outras universidades españolas.
- Mestrado Universitario en Enxeñaría da Auga pola UDC e a Hochschule Magdeburg-Stendhal (ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos). Mestrado que pasa a ser internacional.
- Mestrado Universitario en Avogacía (Facultade de Dereito).



- Mestrado Universitario en Ciencias, Tecnoloxías e Xestión Ambiental pola Universidade da Coruña (Facultade de Ciencias). Unificación de dous mestrados xa implantados.
- Mestrado Universitario en Tecnoloxías de Edificación Sostible (Escola Universitaria de Arquitectura Técnica).

Apróbanse por asentimento segundo figuran no **anexo XVII**.

15. Aprobación de doutoramentos para implantar no curso 2012-2013

A vicerreitora de Investigación expón as propostas de *Doutoramento en Socioloxía pola UDC* (Facultade de Socioloxía) e *Doutoramento en Sociedade do Coñecemento: Novas Perspectivas en Documentación, Comunicación e Humanidades pola Universidade Complutense de Madrid e a UDC* (Facultade de Humanidades).

A Comisión de Doutoramento informou favorablemente ambas as dúas propostas con data de hoxe mesmo.

Apróbanse por asentimento segundo figuran no **anexo XVIII**.

16. Modificación puntual da RPT de PAS funcionario

A xerente expón as dúas modificacións propostas:

A primeira consiste en trasladar un posto base que actualmente está na Administración da Escola Universitaria Politécnica (EUP) á Administración da Escola Politécnica Superior (EPS). Esta modificación responde á solicitude presentada polas direccións de ambos os centros que se xustifica nos cambios nas cargas de xestión que se deu nestes centros coa implantación do EEES, habida conta de que actualmente se xestionan máis titulacións na Escola Politécnica Superior que na Escola Universitaria Politécnica, a diferenza do que ocorría con anterioridade. Na EPS víñanse xestionando 2 titulacións e coa implantación dos graos xestionanse 4, e pola contra na EUP xestionanse 2 graos.

A segunda modificación consiste na amortización da praza dun secretario administrativo de Departamento, tras a fusión dos Departamentos de Construcións Navais e Enxeñaría Naval e Oceánica nun único departamento coa denominación de Departamento de Enxeñaría Naval e Oceánica. Simultaneamente créase un posto base, o que permite manter o número actual de efectivos do cadro de persoal de PAS funcionario.

Ambas as modificacións contan co informe favorable da Xunta de Persoal Funcionario.



Estas modificacións proponanse para a súa aprobación no próxima sesión do Consello Social.

A documentación relativa a estas modificacións consta como **anexo XIX**.

17. Quenda aberta de intervencións

Manuel Casteleiro toma a palabra para ler o comunicado aprobado onte pola Xunta do seu centro, e que achega para a súa transcripción literal na acta, segundo segue:

“COMUNICADO DE LA JUNTA DE LA ETS DE INGENIEROS DE CAMINOS AL RECTOR Y AL CONSEJO DE GOBIERNO

En los últimos tiempos se han producido acontecimientos en la Universidad en materia de infraestructuras que han perjudicado de forma específica, entre otros, a esta Escuela de Ingenieros de Caminos. Nos referimos a la situación del CITEEC y a la del conocido como Módulo I del área científica del parque tecnológico. Los analizaremos por separado.

Hace unos años el CITEEC era motivo de orgullo para esta Escuela y para la Universidad. Se mostraba como lo que era, un centro puntero en España de investigación en Ingeniería y en Edificación, con instalaciones adecuadas, material moderno y personal responsable y cualificado. Ahora el CITEEC no se enseña. Allí sigue el material y el personal, pero en una chabola semiderruida, con la mitad de la estructura al aire, sin cerramientos, sin instalaciones. Y a pesar de todos estos inconvenientes, los profesores y los técnicos siguen trabajando en proyectos de investigación de primera línea en condiciones harto difíciles.

Y de este cúmulo de despropósitos, sobre el que tantas veces hemos preguntado, y sobre el que nunca se nos ha contestado adecuadamente, eludiendo responsabilidades y cargando culpas sobre los demás, se derivan consecuencias. Se ha tirado a la papelera mucho dinero público, de todos los contribuyentes. Se ha lesionado gravemente el prestigio de esta Universidad, y más concretamente el de esta Escuela, a cuyos profesores les resulta difícil explicar cómo ha podido suceder tamaño dislate.

Pues bien, tras años de desatino, las cosas siguen igual. Y empeorarán a no ser que se tomen medidas urgentes. Con la llegada del invierno, y dado que los cerramientos del edificio no están finalizados, no será extraño (de hecho ya ha sucedido) que personas ajenas a la Universidad utilicen el edificio como refugio. En su interior hay ahora mismo muchos millones de



euros de material científico de alta calidad, que se encuentra, simplificando la expresión, al alcance de cualquiera que pase por allí.

Si por el motivo que sea, judicial u otro, no se puede actuar sobre la obra, al menos exigimos que se habilite una partida presupuestaria pequeña para cerrar provisionalmente el exterior del edificio de forma que, como parece lógico, para entrar haya que pasar por la puerta. En caso contrario, se estropeará la maquinaria allí depositada, desaparecerá material de alto valor, y el propio edificio se degradará al ser utilizado para fines no precisamente científicos.

Por otro lado, el edificio del área tecnológica situado frente a la Escuela y a la Facultad de Informática es fundamental para que podamos impartir las clases de los grados y las que aun quedan de los planes antiguos. Nos figuramos que también es igual de importante para la Facultad, pero nosotros vamos a explicar aquí nuestros problemas. El vicerrector correspondiente nos aseguró en su día que para el 1 de octubre el edificio estaría listo para ser ocupado. Nosotros consideramos el peor escenario (o el que entonces considerábamos como el peor) y planificamos su apertura para el principio del segundo cuatrimestre. Pues bien, nos es imposible impartir las clases necesarias a partir del segundo cuatrimestre. No tenemos suficientes aulas, las que tenemos están abarrotadas (invitamos a cualquiera a que venga a verlas), no hay aulas para impartir los dos doctorados de la Escuela. Y desde luego no hablemos de los nuevos planes “de convergencia con el espacio europeo de enseñanza superior”. Eso pasó al almacén de las leyendas y de las promesas políticas. Y ante esta situación nos preguntamos: ¿Dónde damos las clases a partir del segundo cuatrimestre? ¿Dónde impartimos las clases de doctorado (con mención hacia la excelencia, por cierto)? ¿Qué está haciendo nuestra Universidad para conseguir un permiso provisional y poder ocupar el edificio? Es imprescindible una solución inmediata y desde luego para antes del principio del segundo cuatrimestre. En caso contrario, estaríamos causando un grave perjuicio a nuestros estudiantes, que, desde luego, no merecen”.

Amelia Fraga informa da súa integración na Comisión Permanente do Consejo Estatal de Estudiantes, como consecuencia do traballo de emendas feito respecto do anteproxecto de Lei de convivencia e disciplina.

Portela pregunta pola RPT, e por unha praza vacante na ETS de Náutica e Máquinas. Aproveita, por último, para valorar positivamente a reunión concedida ao Comité de Empresa para o día 23 pola Xerencia.

O vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica confírmalle ao director da Escola de Camiños que efectivamente existen limitacións xurídicas para actuar



sobre a obra mentres non se avance na resolución do conflito coa empresa construtora. Comprométese a trasladar aos servizos técnicos a necesidade de tomar as medidas que xurídica e tecnicamente sexan viables para garantir a seguridade do edificio, e ofrece un reforzo na atención dos servizos de seguridade e vixilancia mentres non se actúe sobre o pechamento. En relación ao edificio da Area Científica, destaca as negociacións abertas co Concello, e a boa colaboración institucional acadada, sinalando, porén, que das conversas se desprende a imposibilidade de obter un permiso provisional. A Universidade aspira a ter operativo o edificio cara ao próximo curso, e asume que mentres tanto todas as instancias colaborarán ao máximo cos centros afectados na súa xestión de espazos.

A xerente, en quenda de réplica, reitera a súa postura sobre a RPT e, respecto da praza da ETS de Náutica e Máquinas, indica que foi ofertada no seu momento en comisión de servizos, de conformidade co Convenio colectivo e, tras 25 días, a persoa que a ocupou pediu o seu reingreso na praza que tiña en propiedade. A xerente di que volverá ser ofertada a comisión de servizos, pero co compromiso de que a persoa non poida abandonar o posto até o seguinte concurso.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:30 h, do que eu, como secretario, do fe, co visto e praxe do presidente.

Visto e praxe

O secretario xeral
Carlos Amoedo Souto

O presidente
José María Barja Pérez